



## ANEXO

### ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE O INSTITUTO DE MAIORES E SERVIZOS SOCIAIS E O INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA, SOBRE O ACCESO Á BASE PADRONAL DO INE

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto asinar a cláusula de adhesión ao convenio de colaboración arriba referido, que ten un prazo de vixencia de catro anos, sendo prorrogable por un período de ata catro anos adicionais se así o acordan as partes de forma unánime, expresa e por escrito mediante a subscrición da correspondente addenda de prórroga ao convenio con carácter previo á súa finalización.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto a utilización dos SERVIZOS WEB de consultas padronales, « SECOPA», nas súas distintas modalidades mediante os cales se posibilite o acceso do Imserso á Base de Padrón continuo xestionada polo INE co fin de obter, de acordo co artigo 71.1.d) do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, os datos de domicilio relativos ao Padrón municipal referidos ao período que se requira, comprendendo, no seu caso, os do padrón histórico e/ou colectivo do domicilio, así como onde residen ou residiron os cidadáns, cando devanditos datos poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva e ás prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade.

Que, polo exposto, a Consellería de Política Social considera xustificada a adhesión ao Convenio suscrito entre o Imserso e o INE sobre o acceso á base padronal do INE.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e





do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa finalidade de cumprir o preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a adhesión ao convenio de colaboración indicado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

